

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO DO SUMINISTRO SUCESIVO POR PRECIOS UNITARIOS DUN CONTRATO PRIVADO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE FORRAXES PARA A ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS DA SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONÓMICA XENÉTICA FONTAO, S.A. (XF 3/2022).**

## **1.- OBXECTO DA CONTRATACIÓN**

O obxecto do procedemento é a contratación, por prezos unitarios, e por procedemento aberto e trámite ordinario dun suministro de forraxe, para a sociedade mercantil pública autonómica Xenética Fontao, S.A

## **2.- DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS ARTIGOS.**

### **Paja picada F2 o equivalente :**

Toneladas contratadas:

Características Técnicas:

Humedad < 13 %

Cenizas < 7 %

Longitud de corte: 5-8 cm

Ausencia de pedras, alambres o materiais no correspondientes a dicho forraje y limpia de polvo al 90%

K potasio < 8%

Formato paquete < 580 kg

## **3.- DESCRICIÓN DO LOTE (UNIDADES DE CONSUMO ESTIMADAS, PREZOS UNITARIOS MÁXIMOS, ORZAMENTO DE LICITACIÓN E IVE).**

Paja Picada F2 ou equivalente.

Ud.	DESCRIPCIÓN	2017 TM	ORZAMENTO MÁX. €	PREZO UNITARIO
				MÁX. €/TM (1)
TM	Paja Picada	1.000	120.000,00	120

**TOTAL ORZAMENTO SEN IVE 120.000,00 €**

IVE 10% 12.000,00 €

**TOTAL CON IVE 132.000,00 €**

(1)O licitador ofertará obrigatoriamente polo literal indicado no cadro anterior en canto a cantidade e tipo de unidades (TM) .Neste literal basearase o licitador para o cálculo do prezo unitario que ten que indicar.

#### 4.- ENTREGA DO MATERIAL: LUGAR, PRAZO, HORARIO, GASTOS E CONDICIÓNES ESPECIAIS

##### 4.1. Lugar

O material, respecto de todos os lotes, deberá ser entregado na seguinte dependencia sociedade mercantil pública Xenética Fontao, SA.

Unidade	Enderezo	Código postal	Localidade
Xenética Fontao, SA.	Fontao-Esperante	27210	Lugo

As citadas dependencias poderán variar, se ó caso, por cambios estruturais ou organizativos da sociedade mercantil pública Xenética Fontao, SA. Ou da consellería MR, suposto que lle será comunicado ao adxudicatario.

##### 4.2. Prazos de execución parcial

As entregas realizaranse de **luns a venres**, dentro do horario de funcionamento do centro correspondente.

O **prazo máximo** para a dita entrega será de **10 días naturais**

- Será de obrigado cumprimento (en caso contrario, imporanse as penalidades previstas no PCAP)
- Computarase dende a data da petición formulada por parte da Administración
- E en caso de vencer en sábado, domingo ou festivo, a entrega deberá efectuarse o primeiro día hábil seguinte.

##### 4.3. Gastos de entrega

En canto aos **gastos**, no prezo ofertado estarán incluídos todos os derivados do almacenamento previo e distribución, carga, transporte, descarga e entrega do citado material na correspondente unidade (no interior do edificio, no lugar destinado a almacenaxe), que correrán por conta do contratista.

Polo tanto, o adxudicatario disporá dos medios de transporte e de persoal precisos para atender axeitadamente as entregas, de modo que quede sempre garantida a puntual recepción do material.

##### 4.4 Condicións especiais

Os produtos entregaranse garantido a súa calidade e a integridade das súas propiedades. Deberán manterse en todo momento as condicións especiais de conservación respecto daqueles produtos que o requiran; en especial, as condicións de temperatura durante o transporte.

#### 5. REALIZACIÓN E RECEPCIÓN DE PEDIDOS

##### 5.1. Realización de pedidos

No momento da formalización do contrato, comunicáraselle ao contratista a identidade da/s persoa/s autorizadas para a realización dos pedidos respecto da unidade receptora dende onde se realizarán estes. E aquel non deberá atender os efectuados por persoas distintas das anteriores, agás que así o indique a persoa responsable do contrato.

Formularanse os pedidos, por regra xeral, por escrito, no que deberá constar, a data e hora da solicitude.

Se ben, a Administración reservarase o dereito a efectuar, con carácter excepcional, petición verbal ou telefónica, suposto no que o pedido será formalizado por escrito e enviado telematicamente antes do momento da entrega.

En todo caso, como mínimo, garantirase que os pedidos se poidan realizar por medios telemáticos (correo electrónico).

## 5.2. Recepción de pedidos

A entrega do material deberá axustarse á petición efectuada en canto ao produto/s e cantidade/s solicitado/s, así como á calidade, que deberá coincidir coas condicións ofertadas polo contratista. E, en todo caso, deberán manterse as condicións especiais de conservación respecto daqueles artigos que o requiran; en especial, as condicións de temperatura e illamento durante o transporte. En caso contrario, a subministración será rexeitada.

En cada entrega de material xuntarase un albará no que se reflectirán os seguintes extremos:

- a) Número de pedido
- b) Data e hora da solicitude
- c) Data e hora de entrega

O albará, que se presentará por triplicado (un exemplar para o contratista, outro que quedará en poder de XF, para a realización das comprobacións oportunas e outro que será remitido coa correspondente factura), deberá ser asinado e selado pola persoa/s autorizadas para a realización dos pedidos.

## 6. DEVOLUCIÓN, SUBSTITUCIÓN E SOLUCIÓN EN CASO DE DESCATALOGACIÓN DE ARTIGOS

### 6.1. Devolución e substitución de suminsitros.

No suposto de que o suministro sexa defectuoso ou que incumpra as condicións exixidas ou ofertadas polo contratista, e sen prexuízo das penalidades que puideran impoñerse, este deberá substituílo polo axeitado, consonte as características ofertadas, e entregalo sen custo nun prazo equivalente ao de obrigado cumprimento na entrega.

Santiago, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

o presidente do Consello de Admnsitración de de Xenética Fontao, S.A.

Silveste José Balseiros Guinarte